

FERTILIZACIÓN INICIAL PARA PLANTACIONES DE PIÑEIRO MELLORADO DENTRO DUNHA SILVICULTURA A MEDIDA: AVALIACIÓN DAS DOSES DE APLICACIÓN E APROXIMACIÓN Á SÚA RENDIBILIDADE (FEADER AC2021L-03)

- O nitróxeno non é un nutriente necesario no crecemento destes piñeiros nas súas primeiras etapas de desenvolvemento.
- O fósforo si que ten un efecto positivo, sempre e cando no se abuse do seu uso, xa que non hai diferenzas entre os tratamentos que levan 20, 40 ou 60 g deste nutriente.
- O potasio, observamos que para o piñeiro do país non ten un efecto significativo no seu crecemento, aínda que podería ter un efecto positivo na súa supervivencia. Para o piñeiro insigne, o potasio si que presenta un efecto positivo tanto no crecemento como na supervivencia.
- aconséllase que, para o piñeiro do país, se apliquen unhas doses de fertilizante con contido en fósforo de 20 g, non sendo necesario achegar potasio e preferiblemente sen nitróxeno.
- Para o piñeiro insigne recoméndase un fertilizante con 20 g de fósforo, 20 g de potasio e preferiblemente sen nitróxeno.
- O beneficio da fertilización está moi influenciado polos prezos da madeira e a taxa de desconto.
- En todos os itinerarios silvícolas estudados, é mais rendible facer unha fertilización de inicio que non fertilizar.



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

Selvicultura de piñeiro galego

Primeiros pasos para
un bo investimento

1 Asegúrate de que o sitio de plantación é o adecuado

- | | |
|--|--|
| Verde escuro
zona máis produtiva | • Bo chan
• Altura < 700 m
• Clima suave |
| Verde claro
zona menos produtiva | • Pendente < 35% |



2 Planifica o momento de plantación

Planta no **outono** ou **primavera**, nun día nubrado húmido e sen vento (en piñeiros recentemente tallados pode ser recomendable esperar antes de replantar, ben por motivos sanitarios ou por posibilidade de rexeneración natural).

3 Utiliza piñeiros locais de calidade

No viveiro forestal próximo ao teu terreo, pide piñeiros con **etiqueta rosa** ou **azul** os que garanten boa calidade xenética.



4 Prepara o chan

- Rota se o terreo presenta vexetación arbustiva.
- Realiza un subolado lineal.



5 Aplica unha densidade de plantación

de 1000-1250 pés/ha.



6 Abona no momento da plantación

Aplica unha dose adecuada dun fertilizante de liberación lenta, rico en fósforo. O nitróxeno non é un nutriente necesario nas primeiras etapas de desenvolvemento deste piñeiro.



7 Controla a vexetación arbustiva

durante os primeiros anos.

Organiza

o teu proxecto forestal
LOURIZÁN



CONSELLEIRA
DO MEDIO
RURAL



UNIÓN EUROPEA

FUNDAMENTO LEGAL: Regulamento (UE) nº 1305/2013



CONSELLEIRO
DE ECONOMÍA E ENERXÍA